



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

AXUDAS FOEXGA 2026 CONVOCATORIA

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (Fomento das exportación galegas), cofinanciadas pola Unión Europea no Marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG422B), así como o procedemento de elección de entidades colaboradoras para a súa xestión (código de procedemento IG422A), e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2027, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG nº 10, do 16 de xaneiro de 2026).

A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e o Igape convocan unha

PARTICIPACIÓN NA FEIRA BIG 5 GLOBAL DUBAI (Pavillón España-ICEX)

SECTORES: Materiais de construción, tecnoloxía de auga, calefacción, vidro e metal, revestimentos, portas, xanelas, parques infantís, maquinaria construción etc

Entre o 21 ao 28 DE NOVEMBRO DE 2026

Datas oficiais da Feira: 23-26 novembro 2026

Nº de Expediente – IG422B-2026-000-63

CUSTO DE INSCRICIÓN

Nesta convocatoria solicítase unicamente o 50% da cota que solicita ICEX, máis o IVE correspondente. No caso de que a empresa non sexa aceptada devolverase integramente a cota achegada. A normativa do ICEX indica que unha vez que a empresa reciba a notificación de que foi aceptada, no caso de que renuncie a participar, perderá o 100% abonado.

Posteriormente, se a empresa é admitida, la Cámara solicitará da empresa un anticipo para cubrir os custos del 50% restante do Stand, voos, hotel, seguro de viaxe, transporte das mostras comerciais a exhibir, traslados aeroporto-hotel-aeroporto, así como os custos da xestión da información, organización e tramitación da subvención.

Nesta convocatoria anéxase a Convocatoria do Pavillón España do ICEX xa que a súa regulación forma parte da esta convocatoria en todos os seus aspectos. É moi importante que lean todos os seus apartados.

O custo do Stand depende das veces que se ha participado na Feira: (Considérase como inicio o ano 2.008). A Cota Básica é para empresas que participaron de 0 a 5 anos. A Cota Superior para as empresas que participaron entre 6 años en adiante.

Poden participar subvencionadas ata dous persoas por empresa, sempre que formen parte do persoal da empresa o do seu consello de administración.

CUSTOS DO STAND: ABONAR A CÁMARA DE COMERCIO A CANTIDADE ESTABLECIDA EN “TOTAL A ABONAR EN 1ª CUOTA”

TIPO STAND	12m ²	18m ²	50%	TOTAL A ABONAR EN 1ª CUOTA: (21% incluído)
CUOTA BÁSICA 795€/m ² + 10% IVA	10.494,00 €	15.741,00 €	12m ² = 5.247€ 18m ² = 7.870,5€	12m ² = 6.348,87€ 18m ² = 9.523,31€
CUOTA SUPERIOR 820€/m ² + 10% IVA	10.824,00 €	16.236,00 €	12m ² = 5.412€ 18m ² = 8.118€	12m ² = 6.548,52€ 18m ² = 9.822,78€
CUOTA STARTUPS 1.800€/m ² + 10% IVA	23.760,00 €	35.640,00 €	12m ² = 11.880€ 18m ² = 17.820€	12m ² = 14.374,8€ 18m ² = 21.562,2€

Unha vez que se abone a primeira cota á Cámara de Comercio, facilitarase á empresa un código facilitado por ICEX para que a empresa poida inscribirse na web de ICEX **SEN QUE TEÑA QUE ABONAR CANTIDADE ALGUNHA A ICEX.**

Cando na inscrición a ICEX chéguese ao apartado de pago, a empresa poñerá o código que lle facilitará a Cámara, para que ICEX facture o custo do Stand á Cámara.

ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN

- **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e Igape
- **COFINANCIA:** FEDER / IGAPE
- **SECTOR:** Materiais de construción
- **DATAS:** Entre o 21 e o 28 de novembro 2026.
- **PRAZAS OFERTADAS:** 4 con opción a mais dependendo do orzamento total do viaxe

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección efectuarase respectando a orde de entrada da inscrición e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será dunha subvención do 70% dos custos directos subvencionables e engádesse a subvención dos custos indirectos do proxecto, correspondente a un tipo fixo do 7% sobre os custos directos subvencionables.



PLAN DE VIAXE PREVISTO / DESEÑO VIAXE / PERSOAS PARTICIPANTES

PLAN DE VIAXE

Entre o 21 e o 28 de novembro de 2026. O ICEX esixe que o día anterior ao comezo da Feira (22 de novembro nesta ocasión), a empresa fágase cargo da caseta

PERSOAS QUE PODEN PARTICIPAR EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA

Unicamente se subvencionarán os custos de viaxe do persoal propio da peme participante ou de membros que formen parte do seu consello de administración, ata un máximo de dúas persoas.

PROCESO DE INSCRIPCIÓN

Data límite de inscrición

- **10 de xuño 2026**

Proceso de inscrición na acción

IMPORTANTE: Antes de nada, teñan en conta que necesitan dispoñer dun CERTIFICADO DIXITAL para poder realizar todas as xestións de maneira telemática ante o IGAPE.

- **PASO 1 – Acceder á Oficina Virtual do IGAPE**

Accedan á Oficina Virtual do IGAPE a través da seguinte ligazón: <https://sedegl-idbroker-ext.xunta.gal/cas/login?service=https%3A%2F%2Fspiga-sede.igape.es%2Flogin%2Fcas>

- **PASO 2 – Comprobar se a empresa está dada de alta en “Programas de Internacionalización – IG192” do IGAPE**

Unha vez dentro da Oficina Virtual, deben comprobar se a súa empresa xa está dada de alta nos Programas de Internacionalización – IG192.


- Se a empresa xa está dada de alta: poden continuar co proceso no **PASO 3**.
- Se a empresa NON está dada de alta:
 1. deben acceder ás apartado “SOLICITUDES” > “CREAR SOLICITUDES”.
 2. no apartado “TIPO DE PROCEDIMENTOS”, buscar IG192 - ALTA EN PROGRAMAS DE INTERNACIONALIZACIÓN.
 3. O IGAPE asignaralles un número de alta, válido tanto para este proceso de inscrición como para calquera outra subvención de internacionalización que soliciten ao IGAPE a partir de agora.



- PASO 3 – Inscripción na acción correspondente – IG422B (2026)

A continuación, deben:

- Ir á apartado “SOLICITUDES” > “CREAR SOLICITUDES”.
- En “TIPO DE PROCEDIMENTOS”, buscar IG422B - AXUDAS FOEXGA.
- Facer clic na icona con fondo azul sinalado cun círculo vermello (na imaxe que se proporciona a continuación no documento orixinal).



- Accedan a ese apartado e deberán completar todos os datos e subir os arquivos que lles solicite o IGAPE.

MOI IMPORTANTE:

- Ao completar este formulario, é posible que nalgún momento pídanlles que indiquen en que acción desexan inscribirse.
- O código desta acción para PEMES é: **IG422B-2026-000-63**
- Se teñen problemas coa inscrición, deberán poñerse en contacto directamente co IGAPE.
- Desde a Cámara non temos acceso telemático á plataforma do IGAPE para seguir as inscricións das empresas, polo que só o IGAPE poderá axudar á empresa que teña algunha incidencia durante o proceso de inscrición.

Mail: internacionalizacion@igape.es

Tf: 900 815 151

- PASO 4 – Inscripción e pago ante a Cámara de Comercio:

Enviar a Cámara a seguinte documentación:

1. Inscrición ante IGAPE (formulario IG422B): Formulario de solicitude de participación na acción que foi completado ante o IGAPE.
2. No caso de inscrición dunha sociedade (non autónomos): Copia da acreditación da representación legal (escritura de constitución ou poder notarial).
3. Certificados de estar ao corrente con:



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Axencia Tributaria (AEAT)

Seguridade Social (TGSS)

Facenda autonómica (Consellería de Facenda da Xunta de Galicia).

4. Documento de mínimos asinado:

Pode obterse nesta ligazón da BDNS:

<https://webpub2.igae.hacienda.gob.es/accesoremoto/frmExecAPP.aspx?code=BDNSCRT&ta=ANO>

Debe abarcar os 3 últimos anos desde a data de inscrición (por exemplo, se se inscriben o 02/05/2026, o certificado debe cubrir do 02/05/2023 ao 02/05/2026).

6. **Pago:** adxuntar copia da transferencia polo valor da opción escollida a:

Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

- Nº de conta: **ABANCA:** ES37 2080 0300 80 3040113939
- Concepto: EXPOSICIÓN BIG 5 DUBAI

- **PASO 5 – Confirmación de inscrición por parte da Cámara de Comercio**

- Unha vez que a Cámara reciba toda a documentación requirida (incluído o xustificante de pago), confirmará á empresa a súa aceptación na acción, a condición de que haxa prazas dispoñibles.
- A Cámara poñerá en contacto á empresa coas axencias de viaxes encargada de organizar os servizos de voos, seguros e aloxamento, así como co resto dos provedores se fose necesario.

LIQUIDACIÓN E COBRO DA SUBVENCIÓN

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

- No prazo de 1 mes desde a data de finalización da acción, a Cámara de Comercio solicitará ao IGAPE a subvención correspondente a cada empresa.
- Para iso, a Cámara requirirá ás empresas a documentación necesaria para poder tramitar dita solicitude.
- Axustaranse as cantidades con cada empresa (xa sexa a favor ou en contra do importe inicialmente abonado), en función dos custos reais nos que incorrese a empresa (voos, hoteis etc.)/ etc.).

REVISIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

- O IGAPE revisará a documentación presentada e poderá solicitar correccións se fose necesario.
- Unha vez validada a documentación, o IGAPE abonará a subvención total á Cámara, e esta, nun prazo máximo de 10 días, transferirá a cada empresa o importe correspondente.
- Será de aplicación a normativa vixente sobre xustificación, pago, reintegro e réxime sancionador de subvencións, conforme ao establecido en: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia y Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas, incluídos os autónomos, en que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que cumpran cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, incluídas as pemes con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as cales se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

- b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización, deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- d) As persoas beneficiarias deberán dispoñer dunha páxina web que conte cunha versión nun idioma adicional a calquera das linguas oficiais en España..
- e) As persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- f) As persoas beneficiarias sométense ao réxime de minimis segundo o recollido no artigo 3.4 destas bases.
- g) Que estean ao día de pagamentos debidos ás Cámaras.
- h) As persoas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo para poder optar á subvención, no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas, só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa tanto directa



como indirecta na xestión, control ou capital social doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.

2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, as persoas beneficiarias aceptan que a súa tramitación se realice a través da entidade colaboradora, que será a encargada de informar puntualmente a persoa interesada sobre o estado da súa petición, así como sobre os dereitos, obrigas e notificacións correspondentes, de acordo co establecido no artigo 11 destas bases.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 18 das bases de ayuda:

Son obrigas das persoas beneficiarias:

- a) As recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) As descritas no artigo 10, alíneas a), b), c), d) e f), e no 11, letras l), n), obrigas común ás entidades colaboradoras.
- c) Cubrir o cuestionario de participación no enderezo da internet <https://spiga-sede.igape.es>
- d) Confirmar a inscrición na actuación mediante o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora na data correspondente a cada convocatoria e, en todo caso, antes da data en que deban ser presentadas ante o Igape. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 25 destas bases.
- e) Proporcionar á entidade colaboradora, no prazo establecido na resolución de convocatoria, toda a documentación necesaria para a tramitación das axudas previstas nestas bases e para acreditar o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinen a súa concesión.
- f) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención. A axuda aboarase a través da entidade colaboradora unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas
- g) Comunicarlle á entidade colaboradora a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á entidade colaboradora.
- i) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se concede a axuda.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Consentir ao Igape a comprobación de datos necesaria para a determinación da concesión a axuda.
- l) Aceptar de maneira expresa a resolución de concesión (DECA), segundo o indicado no artigo 21.3 destas bases reguladoras.

CUSTOS SUBVENCIONABLES



Serán subvencionables aqueles gastos que correspondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do plan para o cal foron concibidos e sexan facturados polas entidades colaboradoras. Os gastos clasifícanse en:

a) Custos directos:

1. **Entradas e cotas de inscrición en feiras e outros eventos expositivos** de carácter internacional incluídos no programa de actuacións.
2. **Asistencia externa en destino** para a realización de axendas e para a organización da acción.
3. **Gastos de intérpretes** para accións individuais e conxuntas.
4. **Aluguer do espazo, posto e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de subministracións básicas no posto (luz, auga, limpeza), inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes á feira ou evento expositivo.**
5. **Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente.**
6. **Gastos de viaxe:**
 - i. É subvencionable a viaxe dunha persoa por peme participante, ou de dúas persoas no caso de participación en feiras ou outros eventos expositivos de carácter internacional. Deberá ser persoal propio da empresa ou membros do seu consello de administración:

Son subvencionables os billetes de avión, tren, autobús, barco e viaxes internas que sexan necesarias para o desenvolvemento da acción, incluídas as viaxes internas dentro do país. Tamén son subvencionables os gastos de facturación de equipaxe e elección de asentos, as taxas de viaxe, seguros de viaxe, probas PCR ou similares, visados e gastos de xestión da axencia de viaxe. Exclúense os gastos de transporte en vehículo particular, en taxi e en VTC.

- i. Serán subvencionables unicamente as viaxes realizadas entre a data de publicación da convocatoria e a data límite establecida para a presentación da solicitude de cobramento.

7. Gastos de aloxamento:

- i. É subvencionable o aloxamento dunha persoa por peme participante, ou de dúas persoas no caso de participación en feiras ou outros eventos expositivos de carácter internacional. Deberá ser persoal propio da empresa ou membros do seu consello de administración.
 - ii. Subvenciónase a estadía, en réxime de aloxamento e almorzo, na cidade de realización da feira ou evento expositivo ou da misión comercial, ou nos seus arredores, cun máximo de cinco pernoctacións.

No caso de participación en feiras ou outros eventos expositivos de carácter internacional, subvenciónanse ata sete pernoctacións.

Un máximo de dúas pernoctacións poden realizarse in itinere.

No caso de accións en máis dun país, poderanse engadir un máximo de 3 pernoctacións máis por país cun máximo total de doce.

8. Traslados grupais:

- i. Serán subvencionables aqueles traslados contratados e facturados directamente á cámara como entidade organizadora. Inclúense todos os desprazamentos en grupo realizados no marco da acción, tales como os traslados desde e ata o aeroporto, así como aqueles efectuados cara a ou desde os lugares onde se realicen reunións ou eventos previstos no programa conxunto da acción.



- ii. Non son subvencionables os traslados individuais
- 9. Son subvencionables os seguintes **servizos prestados directamente pola entidade colaboradora**
 - i. **Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme:** incluírán o dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistaas, elaboración de listaxes, informes e todas aquelas actuacións de natureza similar que resulten necesarias para a eficiente organización da acción e a xestión da subvención.
 - ii. **Parte proporcional do servizo de apoio técnico:** a súa prestación por parte da entidade colaborada será obrigatoria en actuación agrupadas cunha participación igual ou superior a catro empresas, agás que, polas características da actuación, se autorice a excepción por considerarse que o servizo non achega valor engadido
 - iii. **Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento** correspondentes ás persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo, nos mesmos termos previstos nos números 6 e 7.

b) Custos indirectos:

Virán determinados mediante un método de custo simplificado consistente nun tipo fixo do 7 % dos custos directos subvencionables de conformidade co establecido na alínea a) do artigo 54 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 (RDC).

Serán aqueles custos distintos dos custos directos subvencionables, que non poden vincularse directamente á actividade subvencionada, pero resultan necesarios para a súa realización, en que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), subministracións (comunicacións, auga, electricidade, calefacción, teléfono), seguros, mantemento ou limpeza.

Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos: Por cada peme beneficiaria e por cada **misión** na que participe: **8.000 €**. Este límite será de 10.000€ cando a misión se realice a máis dun país. Por cada peme beneficiaria e por cada **evento expositivo** no que participe: **32.000€**.

PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURIDICO

Para a tramitación da subvención, a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme os parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O lgape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás persoas beneficiarias os importes íntegros –sen compensación doutros gastos non elixibles– correspondentes ás subvencións recibidas do lgape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia do lgape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás persoas beneficiarias, as entidades colaboradoras deberán remitir ao lgape copia simple das transferencias efectuadas. Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento

PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA, establécense as seguintes penalizacións:

A. Se a baixa prodúcese con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no pago dos gastos nos que xa se incorreu ata ese momento por parte da empresa.

B. Se a baixa prodúcese entre 39 e 30 días antes da realización da acción, a empresa deberá abonar o 50% da achega establecida para participar na acción.

C. Se a baixa prodúcese desde o inicio da misión e ata 29 días antes da realización da acción, a penalización será do 100% da achega.

No caso de que os gastos reais ocasionados superen esas porcentaxes, a diferenza tamén será repercutida á empresa.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIONES

Fernando Perez-Soba
Departamento Comercio Exterior
Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

Tfno: 981 59 68 00

e-mail: fpsoba@camaracompostela.org